

**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*Resolución do 11 de xaneiro de 2006, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se procede a dar publicidade ás listaxes definitivas de aspirantes admitidos e excluídos en diversas categorías estatutarias de xestión e servizos neste organismo.*

De conformidade coas atribucións conferidas polo Decreto 14/2005, do 3 de febreiro (DOG número 25, do 7 de febreiro), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 3 de febreiro de 2005 (DOG número 26, do 8 de febreiro) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, esta división

**RESOLVE:**

Primeiro.-Publicar as listaxes definitivas, de acordo co establecido na norma xeral 6.1.3. do pacto sobre selección temporal (DOG número 104, do 1 de xuño de 2004), unha vez resoltas as reclamacións formuladas contra as listaxes provisionais de aspirantes admitidos e excluídos nas categorías correspondentes á convocatoria de selección temporal formalizada por resolución da División de Recursos Humanos do Sergas do 8 de novembro de 2004 (DOG número 223, do 16 de novembro) que se relacionan de seguido:

Listaxes das áreas da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Burela, Monforte de Lemos, Ourense e O Barco de Valdeorras:

- Fisioterapeuta.
- Terapeuta ocupacional.
- Cociñeiro.
- Conductor.
- Técnico especialista en anatomía patolóxica.
- Técnico especialista en radioterapia.
- Técnico especialista en laboratorio de diagnóstico clínico.
- Técnico especialista en hixiene bucodental.
- Técnico especialista en imaxe para o diagnóstico clínico.
- Electricista.
- Fontaneiro.
- Mecánico.
- Celador.
- Pinche.
- Albanel.
- Carpinteiro.
- Pintor.
- Perruqueiro.

-Telefonista.

-Costureira.

Listaxes das áreas da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Burela, Monforte de Lemos, Ourense, O Barco de Valdeorras, Pontevedra e Vigo:

-Auxiliar da función administrativa.

-Persoal de servizos xerais.

-Lavandeira.

-Pasadora de ferro.

-Limpadora.

Segundo.-Por resolución da correspondente dirección provincial procederáse á publicación das listaxes definitivas derivadas da dita convocatoria nas cales se inclúe a relación dos aspirantes admitidos coa súa puntuación e a orde de prelación resultante desta, así como a relación dos aspirantes excluídos, con indicación da causa de exclusión.

Terceiro.-As listaxes definitivas estarán expostas nos taboleiros de anuncios das direccións provinciais do Sergas e dos centros asistenciais dependentes delas, así como na páxina web do Sergas ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).

Cuarto.-Contra a resolución da dirección provincial pola que se publican as listaxes definitivas os interesados poderán presentar recurso de alzada ante a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Sergas, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2006.

Antonio Fernández Paniagua  
Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional

**V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA****XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO UN DA CORUÑA**

*Edicto (15/2003-C).*

Eu, M<sup>a</sup> Elma Monzón Cuesta, secretaria do Xulgado de Primeira Instancia número un da Coruña, dou fe de que no procedemento ordinario sobre declaración de nulidade de contrato co nº 15/2003-C, seguido entre as partes de que se fará mérito, se ditou a sentenza cuxo encabezamento e parte dispositiva son do teor literal seguinte:

«Sentenza:

Na Coruña, o doce de abril de dous mil catro.

Eu, Javier San Claudio Piñón, maxistrado xuíz do Xulgado de Primeira Instancia número un da Coruña